

e) Os caracteres décimo, décimo primeiro e décimo segundo expresarán o número secuencial de inscrición, dentro de cada actividade, no rexistro territorial da oficina xestora a que se refire a alínea d).

f) O carácter décimo terceiro será unha letra de control.»

Disposición transitoria primeira. *Modificación da base imponible do imposto sobre o valor engadido en procesos concursais.*

Os supostos de modificación de base imponible correspondentes a operacións suxeitas ao imposto sobre o valor engadido en que o seu destinatario non fixese efectivo o pagamento das cotas repercutidas, sempre que, con posterioridade ao devengo da operación, se ditase unha providencia xudicial de admisión a trámite de suspensión de pagamentos ou un auto xudicial de declaración de quebra daquel, rexeranse polo disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 24 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, vixentes ata a entrada en vigor deste real decreto, en canto os citados procedementos de suspensión de pagamentos ou quebra se rexan polo dereito anterior á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición transitoria segunda. *Expedición de facturas e documentos substitutivos rectificativos e rectificación de anotacións rexistrais.*

O disposto no punto catro do artigo primeiro e no artigo segundo deste real decreto será aplicable aos documentos expedidos a partir do 1 de xaneiro de 2004 e á súa anotación rexistral.

Disposición transitoria terceira. *Novos códigos de actividade e do establecemento no ámbito dos impostos especiais de fabricación.*

O disposto no artigo terceiro deste real decreto será aplicable a partir do 1 de abril de 2005.

As persoas e entidades que, en 31 de decembro de 2004, sexan titulares das tarxetas a que se refiren os puntos 8 e 9 do artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, estarán obrigados, desde o día 1 de abril de 2005, a consignar o código de actividade e do establecemento (CAE) en todos os documentos en que o devandito código deba figurar, de acordo coa estrutura establecida no artigo terceiro deste real decreto. Para este fin, as devanditas persoas e entidades completarán o CAE de oito caracteres que no seu día lles foi asignado, antepoñéndolle os caracteres ES000.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Porén, o disposto no punto tres do seu artigo primeiro unicamente será aplicable ás operacións cuxo imposto se debese devengar a partir do 1 de xaneiro de 2005. Así mesmo, o disposto no punto 3 do artigo 73 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, na redacción dada polo punto cinco do artigo primeiro deste real decreto, unicamente será aplicable ás operacións cuxo imposto se devengase a partir do 1 de abril de 2005.

Dado en Madrid o 31 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

1666 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.* («BOE» 28, do 2-2-2005.)

Advertidos erros no Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 13 en lingua galega, do 1 de decembro de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1975, segunda columna, no artigo 11, o terceiro parágrafo debe numerarse como punto «3».

Na páxina 1980, primeira columna, no artigo 22.5, segundo parágrafo, onde di: «... Lei 24/1998, do 28 de xullo, do mercado de valores.», debe dicir: «... Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.».

Na páxina 1985, segunda columna, no artigo 34, a alínea «a)» debe numerarse como punto «1».

Na páxina 2000, primeira columna, no artigo 71.5, onde di: «... están obrigados a subministrar conforme a súa normativa específica.», debe dicir: «... están obrigadas a subministrar conforme a súa normativa específica.».

XEFATURA DO ESTADO

2055 *REAL DECRETO LEI 1/2005, do 4 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos ocasionados no sector agrario polas xeadas acaecidas no mes de xaneiro de 2005.* («BOE» 34, do 9-2-2005.)

No mes de xaneiro de 2005, as baixas temperaturas persistentes durante varios días consecutivos provocaron graves danos por xeadas en numerosos cultivos agrícolas, cunha incidencia especial e moi xeneralizada nas comunidades autónomas de Andalucía, Illes Balears, Región de Murcia e Comunidad Valenciana, ben que esta adversidade climática afectou, aínda que con menor incidencia, outras comunidades autónomas.

Esta situación adversa ocasionou as perdas máis importantes nas explotacións agrarias orientadas á produción de hortalizas e de froiteiras.

A magnitude dos danos producidos configura unha situación asimilable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario, e aconsellan a actuación inmediata dos poderes públicos coa adopción de medidas paliativas tendentes ao restablecemento gradual da normalidade económica nas zonas afectadas.

Sabendo que estas continxencias de adversidade climática non teñen, nalgúns casos, cobertura completa no marco do seguro agrario combinado, arbítranse medidas paliativas adecuadas en consonancia coa natureza e incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores.

Prevese, así, un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais sobre diferentes aspectos das súas respectivas competencias, unhas dirixidas a diminuír, adecuar as cargas tributarias á capacidade contributiva dos agricultores afectados; outras, á concesión de créditos preferentes para manter a competitividade das empresas agrarias, así como as destinadas a flexibilizar o cumprimento das obrigas de

pagamento á Seguridade Social e outras medidas de orde laboral.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros de Tránsito e Asuntos Sociais e de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de febreiro de 2005,

DISPÕÑO :

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei destinaranse a paliar os danos ocasionados polas xeadas acaecidas no mes de xaneiro de 2005, nas explotacións agrarias situadas nos termos municipais e núcleos de poboación afectados das comunidades autónomas, cun nivel de perdas de produción bruta, polo menos, dun 20 por cento da produción normal en zonas desfavorecidas, e dun 30 por cento nas demais zonas, de conformidade cos criterios establecidos pola Unión Europea.

2. Por orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, delimitaranse os ámbitos territoriais afectados con vistas á aplicación das medidas previstas.

Artigo 2. *Indemnización de danos en producións agrícolas.*

Serán obxecto de indemnización os danos cuantitativos provocados polas xeadas nas explotacións agrícolas que teñan pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados e que sufrisen nas súas producións perdas non cubertas polas liñas de seguros agrarios.

Non obstante, para o caso daquelas producións que na data da ocorrencia da xeadada tivesen aberto o período de subscripción, pero aínda non se formalizase a correspondente póliza de seguro, tamén poderán percibir as anteriores indemnizacións, sempre e cando estivesen asegurados contra o risco de xeadada nas dúas campañas anteriores.

Artigo 3. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2005 que afecta as explotacións agrarias situadas no ámbito xeográfico de aplicación deste real decreto lei e que acrediten ter sufrido danos nas súas producións nos termos regulados neste.

2. As exencións nos tributos sinalados no punto anterior comprenden as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

3. Os contribuíntes que teñan dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores e pagasen os recibos correspondentes ao devandito exercicio fiscal poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

4. A diminución de ingresos en tributos locais que os puntos anteriores produzan nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 4. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde ministerial que se dite para o desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no punto 4.1 do artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde EHA/3902/2004, do 29 de novembro, pola que se desenvolve para o ano 2005 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 5. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polas xeadas a que se fai mención no artigo 1 terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, e manterase a condición deste período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata nas xeadas, non se compute para efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos devanditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, poderán solicitar e obter, logo da xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril.

3. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores e pagasen as cotas correspondentes ás exencións ou á moratoria de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídas, de ser o caso, as recargas e custas correspondentes. Se o que tivese dereito á devolución fose debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento das débedas pendentes con aquela, na forma que legalmente proceda.

Artigo 6. *Liñas preferentes de crédito.*

1. Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para

instrumentar unha liña de préstamos por importe de 15 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía e Facenda en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte. Utilizarase a mediación das entidades financeiras con implantación nas comunidades autónomas afectadas e subscribíranse con elas os oportunos convenios de colaboración.

2. Estas liñas de crédito terán como finalidade asegurar a continuidade na actividade produtiva, en condicións competitivas, das explotacións agrarias afectadas polas xeadas e contribuirán ao financiamento dos custos de produción dos cultivos que se inicien con posterioridade ás datas das xeadas, sempre que as perdas ocasionadas por esta adversidade climática superasen o 40 por cento da produción normal da explotación e os solicitantes xustificasen o aseguramento dos novos cultivos que se vaian implantar.

Así mesmo, os créditos poderanse destinar á recuperación da capacidade produtiva dos cultivos leñosos asegurados que sufrisen danos en madeira, non previstos nas liñas de seguros agrarios combinados.

3. As condicións dos préstamos serán as seguintes:

a) Importe máximo: segundo os baremos establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Prazo: cinco anos, incluído un de carencia para o pagamento do principal.

c) Xuros: o tipo de cesión do ICO ás entidades financeiras colaboradoras será do 1,25 por cento TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,75 por cento. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 2,00 por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes, acompañadas da certificación referida no punto 5 deste artigo, serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, e será ao seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos rematará o 30 de setembro de 2005.

4. A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa a cabo o ICO, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2.a) do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 1,50 por cento será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

5. Para os efectos de acreditar a condición de beneficiario desta liña de préstamos, así como o importe máximo do préstamo correspondente, requirirase a presentación dunha certificación de recoñecemento de dereitos, expedida pola Administración competente.

Artigo 7. *Contratación e entrega inmediata de cítricos para a transformación.*

Os cítricos afectados polas xeadas poderán ser obxecto de contratación e entrega inmediata para a súa transformación nos termos que establece o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de conformidade co previsto no Real decreto 1780/2004, do 30 de xullo, sobre o desenvolvemento e seguimento das campañas de determinados cítricos enviados á transformación.

Artigo 8. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar coas comunidades autónomas e con outras administracións públicas os convenios de colaboración que exixa a aplicación deste real decreto lei.

Disposición adicional primeira. *Competencias das comunidades autónomas afectadas.*

O establecido neste real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas ao abeiro do establecido nos seus estatutos de autonomía.

Disposición adicional segunda. *Límites das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de seguro.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

As indemnizacións por danos en producións agrícolas concederaas o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Para estes efectos, realizaranse as modificacións orzamentarias que sexan necesarias sen que, no caso das transferencias de crédito, resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións correntes.

Disposición adicional cuarta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados polas xeadas, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos accollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes dos cales se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO